

Escola Municipal de Artes e Oficios

M^e CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA, SECRETARIA DA XUNTA REITORA DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS,

CERTIFICA: Que na Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios, na sesión ordinaria do día trece de marzo de 2014 adoptouse o seguinte acordo:

5.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA E PEQUENO MANTEMENTO DAS DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS (Expdte 886-13)

Examinadas as actuacións do expediente, a Secretaria da Mesa de Contratación o 26.02.2014 asina informe co seguinte contido:

"ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA E PEQUENO MANTEMENTO DAS DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.

ANTECEDENTES

Á vista das actuacións da Mesa de Contratación da EMAO celebradas os días 26/11/2013 e 16/01/2014, e os informes do xefe de área de Fomento e do Técnico superior de Cultura e Educación-director en funcións da EMAO, de datas 07-01-2014 e 22-01-2014, respectivamente, considerando a corrección do erro de puntuación máxima no criterio da oferta económica, recollido no punto 2 da sesión da Mesa de Contratación de 30/01/2014, a Mesa de Contratación en escrito asinado pola Secretaria da Mesa o 30/01/2014 fai a proposta á Xunta Reitora, na súa calidade de órgano de contratación.

A Xunta Reitora, na sesión ordinaria de data 06/02/2014, adoptuou o seguinte acordo:

Proposta de clasificación de ofertas por orden decrecente.

Primeiro.- Exclusión no procedemento de contratación da proposta da mercantil Servicios Auxiliares de Mantenimiento y limpieza, S.L., (SAMYL), por sobrepasar o prezo total da licitación, segundo a clausula 3.A (FEC).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, na seguinte orde decrecente:

- 1º. Sociedad para el tratamiento de aguas residuales, S.L. (STAR)
- 2º. Limpiezas del Noroeste, S.A.U.
- 3º. Claro Sol, S.L.
- 4º. Iberclean Limpiezas, S.L.

Escola Municipal de Artes e Oficios

5º. Seralia, S.L.

6º. Limpiezas Faro, S.L.

Terceiro.- Requerir á empresa clasificada en primeiro lugar, Sociedad para el tratamiento de Aguas Residuales, S.L. (STAR), para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.*

Cuarto.- Requerir á empresa clasificada en primeiro lugar, Sociedad para el tratamiento de Aguas Residuales, S.L. (STAR), o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 2.224,40 €.

A Secretaría da mesma procederá a formular ao órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 13 de febreiro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 21 de febreiro de 2014, dentro do prazo sinalado. Revisada a documentación obsérvase que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 30-01-2014, e da que se deu conta na Xunta Reitora de data 06.02.2014, a Secretaría da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas e que esta facultade de delegación se tivera previsto na proposta de clasificación formulada ó órgano de contratación.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta Reitora (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación. “

A continuación faise a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Interventor asina informe de fiscalización con data 10.03.2014.



Escola Municipal de Artes e Oficios

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a proposta a votación resulta aprobada con 8 votos a favor dos membros do Grupo municipal do PsdeG-PSOE, Sres.e Sras. Rodríguez Escudero, Abelairas Rodríguez e o da Presidencia, máis o vogal veciñal do PsdeG-PSOE Sr. Vázquez Vázquez, do Director E.F. da EMAO, Sr. Ojea Pérez, do Xefe de Estudos, Sr. Feixó Cid , do Representante dos mestres, Sr. Pereira Somoza e o da Representante do alumnado, Sra. Llanes Rebanal e con 4 abstencións dos membros do Grupo municipal do PP, Sras. e Sres. Cendón Alonso, Pérez Davila e a do vogal veciñal do PP Sr. Ces Rodríguez, a do vogal veciñal do BNG , Sr. Caride Correa.

ACORDASE:

1.- Adxudicar a SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantamento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios, expediente 886-13) por un período de 2 anos e un prezo total de 263.189,52 € (IVE incluído), sendo a cota de IVE de 45.677,52 €, correspondendo un importe anual sen IVE de 108.756,00 €, cota de IVE de 22.838,76 €, e prezo anual total do contrato 131.594,76 €.

2.- A empresa SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L., oferta 400 horas anuais como bolsa de horas extraordinarias.

3.- As melloras ofertadas no apartado 5 da súa oferta, deberán quedar recollidas de forma expresa no contrato.

4.- O cadro de prezos unitarios elevarase ao documento contractual.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta Reitora e a oferta presentada.

E para que así conste e surta os seus efectos, expido a presente co visto e praxe do Presidente da Xunta Reitora, en Vigo a catorce de marzo de dous mil catorce, coa advertencia do artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.

mi

Vº e Pr.

O Presidente da Xunta Reitora
Santos Héctor Rodríguez Díaz